

O SER HUMANO: ORIXE, EVOLUCIÓN E CONFIGURACIÓN

A pregunta pola orixe, natureza e sentido da vida humana foi, sen dúbida, unha preocupación constante na historia da humanidade. Pero na Filosofía é unha cuestión que ocupa un lugar central de enorme interese tanto teórico como práctico, pois determinar cal é o “lugar do ser humano no cosmos” é a base para afrontar con fundamento as cuestións de tipo ético e político que atravesan toda a vida humana.

1. A ORIXE DA ESPECIE HUMANA

O problema da xénese ou orixe da especie humana hai que analízalo hoxe dende unha perspectiva científica neutral, máis alá das mistificacións relixiosas que tradicionalmente envolveron o tema. Para iso é necesario recordar as achegas que a Bioloxía evolucionista ten feito nos dous últimos séculos.

1.1. A teoría da evolución das especies

Até o século XIX, con escasas excepcións, o paradigma dominante na ciencia biolóxica foi o *fixismo*, que consideraba que as especies dos seres vivos eran fixas e esencialmente inalterables ao longo do tempo, polo que eran tamén independentes na súa orixe xenética. Os fundamentos desta concepción pódense atopar dentro da Filosofía grega nos presupostos *metafísicos* (non procedentes da experiencia observable) da Bioloxía de Aristóteles, e que foron reforzados pola visión relixiosa creacionista procedente da Biblia (segundo a cal Deus creou directamente cada unha das especies).

As bases deste paradigma fóronse xa socavando ao longo do século XVIII, polo desenvolvemento da Xeoloxía e da Paleontoloxía, e mesmo por efecto da clasificación taxonómica das especies feita por Linneo, que, a pesar de ser fixista e preevolucionista, clasificaba as especies en función do grao de semellanzas nunha escala de progresiva complexidade o cal evidenciaba a continuidade e parentesco dunhas con outras. Por fin, Lamack en 1809, na súa *Filosofía zoolóxica*, fixo unha primeira exposición da teoría da evolución das especies baseada na necesidade de adaptación ao medio (aínda que sen aplicala a especie humana). Lamack consideraba, erroneamente, que os cambios producidos polos individuos no curso da súa vida para adaptarse mellor ao medio eran transmitidos por herdanza aos seus descendentes, polo que as especies se ían transformando paulatinamente até dar lugar a outras novas.

Pero foi Darwin quen en 1859, coa publicación da “*Orixe das especies por selección natural*”, aportou probas e asentou definitivamente as bases e o mecanismo fundamental da evolución, aínda con grande polémica e oposición. Segundo Darwin, o medio actúa sobre a diversidade de individuos dunha especie seleccionando de xeito natural aos máis aptos e eliminando aos menos dotados (que non lograrían sobrevivir). A acumulación dos cambios xerados por esta selección dentro dunha especie acabaría por xerar unha nova especie

ao longo dun período de tempo moi extenso. Pero Darwin descoñecía os mecanismos que producen a diversidade xenética dentro das especies, así como o mecanismo da especiación que dá lugar a unha especie nova.

As lagoas da explicación darwinista foron finalmente cubertas polo desenvolvemento da Xenética (iniciada por Mendel tamén no s. XIX) co descubrimento das leis da transmisión xenética, así como das bases da herdanza e das mutacións co desenvolvemento da Bioloxía molecular. O perfeccionamento da teoría de Darwin con todas estas novas achegas deu lugar ao que se coñece como *Teoría sintética da evolución* ou Neodarwinismo, que é o paradigma científico dominante actualmente.

1.2. A filoxénese

A *filoxénese* é a historia evolutiva dunha especie (phylum) dende as primitivas formas de vida das que procede até a constitución final da especie de que se trate. Trata de reconstruír os cambios evolutivos producidos dentro dunha liñaxe ao longo do tempo e a súa diversificación e ramificación en especies colaterais. Contraponse á *ontoxénese*, que se refire á evolución dun individuo dunha especie dende o seu inicial estado embrionario até a súa plenitude e madurez.

O mecanismo do proceso filoxenético que orixina unha especie nova pode sintetizarse, dende a actual *teoría sintética* en tres momentos fundamentais:

1. A produción de *variabilidade xenética* dentro da especie orixinaria acontece no proceso sexual de transmisión da herdanza dos proxenitores, que da lugar a infinidade de combinacións. As causas desta variabilidade son aleatorias e residen xeralmente en:

- a) *mutacións xenéticas* aleatorias producidas na dotación xenética,
- b) *fluxo e recombinación de xenes* de poboacións diferentes como resultado de migracións e cruce das mesmas,
- c) *deriva xenética* ou variación ao chou e ao longo do tempo da proporción de xenes no conxunto dunha poboación.

2. A *selección natural* actúa sobre a variabilidade xenética. O medio ambiente selecciona para a supervivencia (facilitándoa) a aqueles individuos portadores de xenes cunhas características adaptativas máis eficientes que as doutros individuos (seleccionados para extinguirse). Uns sobreviven e reproducense con maior facilidade, e outros non.

3. O *illamento reprodutivo* de poboacións é unha condición necesaria para a diversificación de especies (especiación). Se tales poboacións non estivesen illadas por unhas barreiras reprodutivas infranqueables, produciríase a mestura continua dos diversos individuos e só se xeraría unha poboación cos caracteres dominantes. Unha especie nova nace cando se fai imposible a reprodución con descendencia fértil dos seus membros cos demais individuos da poboación orixinaria.

1.3. A filoxénese humana, ou *antropoxénese*

A filoxénese da especie humana, que conduce á aparición sobre a Terra da especie humana denomínase antropoxénese. Inclúe tanto o proceso de hominización, de carácter biolóxico, como o proceso de humanización, de carácter social e cultural.

No caso da historia evolutiva da especie humana hai que distinguir eses dous planos: o da “hominización” ou evolución biolóxica que segue o mesmo proceso que o do resto das especies, e o da “humanización” ou evolución social e cultural que, aínda que responda en parte a unha lóxica similar á da anterior, non obstante, diferenciaríase dela porque é xa controlada e dirixida en parte pola propia intelixencia dos humanos. Pero estes dous procesos non son independentes senón que se implican e alimentan mutuamente, facendo que ámbolos dous se aceleren moi rapidamente; de aí a sorprendente rapidez da antropoxénese, comparada coa lentitude da evolución das outras especies.

1.3.1. O proceso de hominización

Coñécese como *hominización* ao proceso da evolución biolóxica que deu lugar á especie humana actual. Supuxo unha serie de transformacións e cambios anatómicos e fisiolóxicos na liñaxe ou orde dos primates hominoideos ou antropomorfos separando as familias dos simios e as dos homínidos até xerar o xénero *homo* e as especies *sapiens*. Tales transformacións superaron o filtro da selección natural e lograron perpetuarse, probablemente por responder adecuadamente ao desafío ecolóxico do medio africano, onde os cambios climáticos fixeran desaparecer grandes extensións de bosques substituídos por espazos abertos de sabanas e praderías.

Os principais trazos anatómicos e fisiolóxicos, froito desa historia evolutiva e característicos da especie humana actual, *homo sapiens sapiens*, foron:

- O *bipedismo*, que supuxo a especialización dos pés na función sustentadora e locomotora, o acurtamento e ensanchamento da pelve como soporte do peso do corpo e a resistencia e flexibilidade da columna vertebral, a misión da cal consiste na distribución equilibrada do peso do corpo e do cráneo. A primeira e principal consecuencia do bipedismo foi a liberación da man; pero tamén o estreitamento do canal do parto, que resultará máis dificultoso
- A *liberación da man* e a oposición do dedo polgar, que fixeron posible a utilización deste órgano en tarefas prensoras e manipuladoras, converténdoo nunha ferramenta moi precisa (“ferramenta das ferramentas”)
- A *encefalización e desenvolvemento das áreas asociativas do cerebro*, que incrementou o tamaño e complexidade do cerebro. Cun volume de masa encefálica (1.800 cc) en relación co peso total do corpo único

entre as especies, o tamaño do cerebro, a súa complexidade anatómica e funcional foron un elemento decisivo na filoxénese humana. Tal desenvolvemento foi posible ao alixear as mandíbulas e a súa musculatura, como consecuencia do traspaso de moitas das súas antigas funcións ás mans, así como dos cambios na dieta alimenticia

- A *neotenia* (xuvenilidade da especie) e a *inmadurez biolóxica*, que multiplica enormemente a capacidade para aprender. O ser humano é unha especie que nace inmatura. A súa indefensión e a súa dependencia infantil dura moito máis tempo que no resto das especies. O desenvolvemento ontoxenético do humano é enormemente pausado. Madura bioloxicamente cara aos 12-13 anos; un tempo insólito entre as especies afíns. Esta lentitude no desenvolvemento fisiolóxico ten como contrapartida unha enorme plasticidade e capacidade de aprendizaxe e adaptación. Ademais conserva ao longo da súa vida características que noutras especies só se dan nos individuos xoves, como a curiosidade e a capacidade de innovación e aprendizaxe: iso é o que se denomina “neotenia”.

1.3.2. O proceso de humanización

As transformacións biolóxicas que constitúen o proceso de hominización son a base, a condición de posibilidade, de transformacións psicolóxicas e de comportamento, que cambiaron o estilo de vida da especie e que son considerados característicos da humanidade. Esta evolución psicolóxica e condutual, aínda que paralela e inseparable do proceso biolóxico de hominización, adoita denominarse proceso de humanización.

Os trazos característicos máis destacados deste proceso de humanización son:

- A *aparición da técnica*, coa fabricación e uso de ferramentas e a posibilidade de transformar a realidade física e producir bens (posibilitada pola liberación da man da función locomotriz).
- O *desenvolvemento da capacidade simbólica* do pensamento e a linguaxe. Con ela desenvólvese a posibilidade de representar a realidade e modificala mentalmente, mesmo sen a súa presenza (capacidade ligada ao desenvolvemento do cerebro).
- A *intensificación da vida social e a cooperación* (potenciada pola inmadurez biolóxica do seu nacemento e pola linguaxe).
- O *desenvolvemento da cultura*, coa innovación e creación de novas pautas de conduta, e a súa acumulación e transmisión social a través de aprendizaxe (relacionada coa neotenia).

1.3.3. Xenealoxía do *homo sapiens sapiens*: etapas

A especie humana actual, *homo sapiens sapiens*, procede da orde dos *primates*, un tipo de mamíferos aparecidos hai uns 65 millóns de anos, cos que compartimos algunhas características como a visión estereoscópica e policromática, o reducido número de crías por parto, a prolongación da infancia

e a complexidade da vida social. Dentro dos primates, a superfamilia dos hominoideos deu lugar a dúas grandes familias: a dos *pónxidos* ou grandes simios (xibón, orangután, gorila e chimpacé) e a dos *homínidos*, da que xurdiron as diferentes especies *homo* desaparecidas todas (fósiles) así como a especie humana actual. Fagamos un repaso dos fitos máis destacados:

- As primeiras especies de homínidos foron os *Australopithecus*, datados entre 5 e 1 millón de anos. Foron os primeiros homínidos que adoptaron a marcha ergueita. A súa organización grupal e o bipedismo permitiulles abandonar o seu orixinal medio arborícola e conquistar os espazos libres da sabana africana. Defendéronse e cazaron en grupo utilizando paus, pedras, ósos e outros obxectos contundentes, o que lles permitiu cambiar os seus hábitos alimenticios, pasando de ser herbívoros a ser omnívoros. A súa capacidade cranial era duns 500 cc.
- O *homo habilis*, é o primeiro representante do xénero *homo*. Aparecido hai 2,5 millóns de anos. Desenvolveu unha industria lítica rudimentaria. Posuía unha capacidade cranial de 750cc, e desenvolveu modos de vida social máis complexos.
- O *homo ergaster*, de hai 1,8 millóns de anos, tería unha capacidade cranial de 900cc., e unha industria lítica máis perfeccionada (con *bifaces*), así como o dominio do lume e unha división do traballo por sexos. Desta liña procedería o *homo erectus*, unha especie tamén extinguida, cunha capacidade cranial de 1200cc., que desde África se estendeu por Europa e Asia.
- O *homo antecessor* é considerado o antecesor directo máis antigo da nosa especie (uns 800.000 anos). Os seus restos fósiles foron os últimos atopados (en Atapuerca). Desta liña procederían as dúas especies de *homo sapiens*, que conviviron até hai uns 35.000 anos.
- O *homo sapiens*. É o chamado home de Neanderthal. Viviu nalgúns lugares de Asia e sobre todo en Europa. Apareceu hai uns 100.000 anos e extinguiuse hai 35.000 anos. Isto significa que coexistiu e mesmo conviviu co home actual. Tiña o rostro grande, a fronte fuxidiza e a mandíbula cun queixo incipiente. Calcúlase que a súa capacidade cranial era duns 1500 cc.
Dominou unha ampla industria lítica, machados bifaces, coitelos moi perfeccionados, raspadeiras, etc. Vivían en refuxios naturais que acondicionaron e reconstruíron cun certo sentido da distribución do espazo mediante estanzas separadas con funcións distintas. Practicaban rituais funerarios avanzados e dedúcese que mostraban incipientes preocupacións espirituais...

As causas da súa desaparición son un misterio apaixonante. Coincidiron co home actual, polo que foron expulsados ou exterminados en ocasións; noutras parece ser que conviviron pacificamente e aprenderon as súas técnicas. Pero non se ten coñecemento dunha nova especie,

resultante do cruzamento de ambas as dúas. A súa organización social era moi reducida; practicamente non pasaron da familia extensa. Nunha época de glaciación dura e esixente (glaciación de Würm), tiveron que loitar pola supervivencia cun competidor directo tan formidable como o *homo sapiens sapiens* que seguramente contribuíu á súa extinción.

- O *Homo sapiens sapiens*., ou home de Cromagnon, que é o home actual. Xurdiu coincidindo cos últimos neandertais, hai 40.000 anos. Ten, polo tanto, as nosas mesmas características físicas: rostro plano, fronte recta, queixo desenvolvido e unha capacidade cranial (que segue en aumento) de 1.800 cc.

Desenvolveron unha industria lítica moi avanzada, fabricando útiles e ferramentas de óso, como agullas para coser vestidos, e instrumentos compostos con mangos de madeira e follas de pedra. Descubriron os metais. Iniciaron a cavadura da terra mediante técnicas agrícolas. As formas de organización social, familias, tribos, clans, son moito máis complexas que as dos seus predecesores.

Conta con numerosas manifestacións culturais, artísticas e relixiosas, como as pinturas rupestres de Altamira e Lascaux, de hai 33.000 anos, e, sobre todo, posúe o desenvolvemento progresivo do pensamento e a linguaxe, do psiquismo superior, que fai do home unha especie única e peculiar, abismalmente distante das máis próximas na escala evolutiva.

2. A Tensión entre natureza e cultura no ser humano

O ser humano é por natureza cultural. Isto quere dicir que o máis característico da vida humana, que é a cultura, aséntase nunha necesidade ou esixencia da súa propia natureza biolóxica. Como xa se dixo anteriormente, o proceso evolutivo biolóxico de *hominización* foi a base do proceso de *humanización* (cultural).

2.1. Da natureza á cultura

Todo ser vivo nace dotado cun “libro de instrucións” que vai dirixir o seu desenvolvemento e a súa vida. Son os xenes que conteñen toda a información acumulada ao longo da historia evolutiva da especie. O xenoma ou conxunto dos xenes dunha especie é a súa *natureza*, que é común e universalmente compartida polos membros da mesma. A *natureza* dun individuo é a dotación conxénita, innata, coa que nace (*natura* procede etimoloxicamente de *nascere*, nacer). A natureza humana reside, pois, no xenoma humano, universalmente compartido por todos os humanos.

Este sistema de información codificado no ADN é moi estable e transmítese con fidelidade (salvo mutacións) a cada individuo da especie. Tal información dirixe dun xeito programado, non só á configuración anatómica e as funcións fisiolóxicas dos membros da especie, senón tamén moitos dos seus

comportamentos, os denominados instintivos. As *condutas instintivas*, características dunha especie, son pautas fixas de acción programadas xeneticamente, comúns a todos os membros da mesma, e pouco modificables pola experiencia. Esta dotación (ou programación) xenética permite a supervivencia dos individuos, e da especie, cando o medio é bastante estable.

Naturalmente, un medio con cambios drásticos presenta retos (ecolóxicos) difíciles de superar para as especies cunha programación xenética rixidamente instintiva; poñéndolas mesmo en perigo de extinción. Ás veces, serán individuos mutantes (variantes dentro da especie) os que logran superar tales retos; podendo ao longo do tempo xerar unha nova especie.

Pero, o desenvolvemento do sistema nervioso e do cerebro nas especies superiores da escala evolutiva creou un novo sistema de procesamento e almacenamento de información, máis rápido e flexible. Deste xeito, os individuos xoves (con máis plasticidade) poden aprender das súas propias experiencias e almacenar estas aprendizaxes no seu cerebro. Isto engade ao programa xenético común da especie, novas informacións que ofrecen maiores posibilidades de afrontar os retos do medio. Así, xorden as condutas aprendidas en base a experiencias individuais.

Agora ben, cando esta informacións almacenadas no cerebro dun individuo se transmiten socialmente, entón aparece a *cultura*. Por *cultura* (termo procedente etimoloxicamente do verbo *colere*, que significa cultivar a natureza) entendemos toda información transmitida por aprendizaxe social entre membros dunha especie. A cultura é compartida por membros dun grupo social, pero sen ningún tipo de programación xenética, só por transmisión social duns a outros.

2.2. A dimensión cultural do ser humano

A capacidade de transmisión e aprendizaxe social de información, en que consiste a cultura, podémola atopar en diferentes especies animais; moi especialmente entre os chimpancés, sobre os que existen excelentes estudos nese senso. Estas culturas animais con frecuencia son denominadas “protoculturas”, sen dúbida para restarlles importancia en comparación coas culturas humanas moito máis extensas. .

Dende logo, na especie humana, as informacións e saberes culturais (transmitidos e aprendidos socialmente) impregnan toda a vida. Até a satisfacción das necesidades básicas aparece envolta en aprendizaxes culturais. Comer e dixerir os alimentos é algo natural, pero a forma de preparar os alimentos é cultural; beber para calmar a sede é natural, pero beber unha coca-cola cunha palliña é cultural; a capacidade de comunicación lingüística é natural aos humanos, pero o idioma que falamos é cultural...

A enorme importancia dos saberes culturais para a especie humana ten a súa base na propia natureza biolóxica, resultante do proceso de hominización da súa historia evolutiva, como xa quedou indicado anteriormente:

- a) O desenvolvemento do cerebro e das súas áreas asociativas foi a condición natural que fixo posible o procesamento e almacenaxe de enormes cantidades de información, pero tamén o pensamento e a linguaxe, que permiten representar e manipular simbolicamente a realidade, innovar, planificar..., e desenvolver un sistema de comunicación social fluído e cheo de posibilidades.
- b) A neotenia (xuvenilidade da especie) e a inmadurez biolóxica dotou dunha enorme plasticidade e capacidade de aprendizaxe á especie humana, reducindo ou bloqueando as condutas instintivas ríxidas, substituíndoas por pautas culturais máis flexibles e versátiles.

En resumo, poderíase dicir que o curso da evolución biolóxica seleccionou unha natureza humana máis plástica, aberta á innovación e á aprendizaxe, e polo tanto, aberta á creación cultural, facendo á especie humana máis independente das condicións do medio e con capacidade de transformalo. Os individuos con este tipo de dotación xenética lograron sobrevivir e prosperar con maior facilidade ante os retos do medio, creando o seu mundo cultural.

Dalgún xeito, a cultura no ser humano sobreponse á natureza biolóxica complementándoa como se fora unha “segunda natureza”, segundo se ten dito xa dende a Antigüidade grega. De feito, en moitos aspectos, a natureza humana presenta unhas necesidades, unhas capacidades e unhas posibilidades cuxa realización vai ser concretada e definida pola cultura.

2.3. A diversidade cultural

Non existe unha única cultura humana, aínda que si exista unha única natureza humana. Porque a cultura non vai no xenoma. A diversidade cultural responde ás diversas formas que os grupos humanos tiveron de resolver os seus problemas e de desenvolver as súas capacidades e posibilidades. Mesmo os autores que defenden a existencia de universais culturais existentes en todas as culturas admiten que teñen diversas formas e interpretacións.

A multiplicidade de culturas presenta con certa frecuencia problemas de relación intercultural e determina diferentes tipos de actitudes. Analicemos algunhas das máis extremas:

- a) O *etnocentrismo*. É a actitude consistente en considerar a propia cultura como a única adecuada e, polo tanto, superior a todas as demais, desprezando consecuentemente as outras culturas como inferiores, “bárbaras” ou salvaxes. Nas súas formas máis elementais, adoita ser unha actitude que xorde espontaneamente en individuos ignorantes e carentes de reflexión e análise crítico. Pero nas súas manifestacións máis extremadas serve de base á xenofobia, ao racismo e á intolerancia. En sociedades con forte poder militar ten servido de xustificación para o imperialismo e a colonización doutros pobos, mesmo para o xenocidio.

- a) O *relativismo cultural*. Sostén que todas as culturas son igualmente válidas, funcionais, dignas e aceptables. Non hai culturas superiores nin inferiores. Cada cultura hai que entendela dende dentro da súa historia. Tal actitude de respecto de todas as tradicións culturais serviu de vacina fronte aos prexuízos do etnocentrismo, propugnando a tolerancia. Pero o problema do relativismo cultural extremo, aparte de sacralizar as tradicións dificultando a súa crítica e evolución, consiste en considerar que todos os trazos dunha cultura son igualmente imponderables e, polo tanto incapaces de ser avaliados e criticados dende fóra dela. Pois, é certo que moitos trazos culturais si o son (por exemplo, a lingua), pero tamén é certo que hai trazos culturais que son ponderables e avaliáveis comparativamente (por exemplo, a eficacia dun machado de metal fronte a un machado de pedra); pero aínda máis, que hai trazos culturais que non só son avaliáveis senón que deben ser criticados e repudiados por ser contrarios aos dereitos humanos máis elementais e atentar contra a dignidade e respecto das persoas (pénsese na mutilación sexual de nenas, por exemplo).

Entre ambas posicións extremas, parece necesaria unha actitude de respecto do pluralismo cultural, pero baseado no diálogo intercultural, que tome como referente o respecto dos dereitos humanos máis elementais da persoas.

3. TEORÍAS SOBRE A NATUREZA HUMANA

Até agora viñemos usando o termo “natureza humana”, no seu sentido máis etimolóxico, para referirnos á base biolóxica conxénita coa que nacen dotados os membros da especie; base dende a que constrúen a súa vida. En oposición a “cultura”, que é o que adquiren despois do seu nacemento por aprendizaxe social. Pero, é preciso sinalar agora outro sentido da expresión “natureza humana”, que sen ser totalmente diferente, pode inducir confusións no lector non avisado: é o significado de “natureza humana” como “esencia específica” do ser humano; isto é, o máis característico da especie e que a diferenza e define fronte ás demais (significado usado xeralmente nos textos filosóficos). Ambos sentidos non sempre son coincidentes e aparecen frecuentemente mesturados na literatura filosófica sobre o tema.

As teorías filosóficas sobre a natureza humana aportan reflexións profundas sobre a condición humana, salientando aspectos decisivos da vida humana; pero ao ser formuladas con anterioridade, ou á marxe, do coñecemento científico sobre a evolución biolóxica das especies, poden vir mesturadas con prexuízos ideolóxicos e relixiosos. Case todas estas teorías filosóficas pretenden marcar unha diferenza esencial entre os humanos e os restantes animais, esquecendo, a miúdo, o entronque e a continuidade evolutiva da especie humana coas outras especies animais, a súa orixe animal.

Só presentaremos a continuación algunhas da concepcións filosóficas máis relevantes, pola súa repercusión na historia do pensamento occidental,

fixándonos especialmente na consideración que fan da natureza animal humana e das súas creacións culturais, así como a súa valoración e relación entre ambas. (Un estudio máis profundo corresponde á Hª da Filosofía de 2º de bacharelato)

3.1. O relativismo cultural dos Sofistas

Os Sofistas poden ser considerados a *Ilustración grega* no s. V a. C. Coñecedores, polas súas viaxes, das diferenzas culturais entre diferentes pobos, estableceron unha distinción fundamental entre *physis* (o natural) e *nomos* (o establecido por lei ou convención humana). Deste xeito, pretendían separar o que é característico dos humanos (*nomos*) fronte ao que é común e natural a todos os demais seres (*physis*). Pero tal distinción levounos á afirmar o relativismo cultural: o *nomos*, as leis e costumes producidas polos humanos, isto é, a cultura é convencional e, polo tanto, varía duns lugares a outros e cambia historicamente (a diferenza da *physis* ou natureza que é sempre a mesma).

Agora ben, a *physis* é concibida, dende a observación da vida animal, como a lei do máis forte e a satisfacción dos impulsos. De aí, que algúns sofistas valoren moralmente o *nomos* en sentido positivo como complementario da *physis*; pero moitos outros só verán nas convencións culturais (*nomos*) un freo e un obstáculo á realización libre dos impulsos naturais.

3.2. O Universalismo fronte ao relativismo cultural: Sócrates, Platón e Aristóteles.

Fronte aos perigos do relativismo dos Sofistas, ergueranse na antiga Grecia Sócrates, Platón e Aristóteles (mestres e discípulos respectivamente) destacando a *racionalidade* como esencia ou natureza humana específica, característica distintiva, común e universal aos seres humanos fronte aos demais animais. A racionalidade é a que ha de dirixir toda a vida humana, controlando os meros impulsos animais e superando tamén a diversidade de opinións (subxectivas e culturais); pois a razón é capaz de descubrir verdades e valores universais, por encima da diversidade cultural.

Esta concepción da natureza racional do ser humano atravesas, dende os gregos, todo o pensamento occidental, e servirá de base posteriormente ao recoñecemento da dignidade humana. Pero, xa nas súas raíces gregas atopamos dúas interpretacións claramente diferentes: o dualismo espiritualista e o naturalismo.

3.2.1. O dualismo: Platón e a tradición cristiá posterior.

Platón, seguindo certa tradición relixiosa de orixe oriental recibida dos Pitagóricos, considera ao ser humano composto de dúas substancias radicalmente heteroxéneas (híbrido): un corpo de natureza animal e unha alma racional de natureza divina (sobrenatural). Esta parte racional, á máis esencial

aos humanos, é prisioneira dun corpo animal, ao que ha de controlar e do que aspira liberarse.

O Cristianismo posterior reafirmará esta visión dualista do ser humano, considerando á alma humana como un sopro divino que nos fai humanos, e define a nosa natureza como esencialmente diferente da dos meros animais. Así, o ser humano será considerado como un ser “intermedio” entre os deuses e os demais animais. Aquí se fará radicar a dignidade humana: na relación e semellanza dos humanos con Deus. Dignidade humana, pois, derivada, que se afirma timidamente e sen extraer todas as súas consecuencias.

3.2.2. O naturalismo: Aristóteles

Aristóteles, foi un pensador naturalista, interesado pola Bioloxía (aínda que carente dunha concepción evolucionista), e sen a mistificación relixiosa do seu mestre Platón. Para el, a característica esencial que define aos humanos e os diferencia dos outros animais é o *logos*, a capacidade de vulgar e de falar (pensamento e linguaxe), a racionalidade. Pero, esta capacidade non é totalmente allea ou sobreposta á súa natureza biolóxica, senón que forma parte dela e a configura: a alma racional humana é a *forma* específica da vida dos humanos, e nela se basea a súa sociabilidade natural. O ser humano é un *animal racional*. Sobre esta dimensión racional (*logos*) a Ilustración europea do s. XVIII (sobre todo, Kant) fundamentará definitivamente dun xeito natural o recoñecemento da autonomía e a dignidade humana con todas as súas consecuencias.

Esta posición aristotélica servirá de contraste, na historia do pensamento occidental, para matizar as concepcións máis fortemente dualistas, e propiciará clasificacións taxonómicas das especies que inclúan tamén entre elas á especie humana; paso previo a unha concepción evolucionista da súa orixe.

3.3. A dimensión histórica do ser humano: Marx, Dilthey, Ortega, Sartre

O Romanticismo alemán (s. XIX) destacará a diversidade cultural dos pobos, máis alá da racionalidade común e universal da especie humana. Cada pobo ten a súa propia identidade cultural (*Volkgeist*, na expresión acuñada polo prerromántico Herder). Pero a cultura dun pobo é o produto natural da súa historia. De aí o interese pola Historia que vai caracterizar todo o pensamento do s. XIX e XX, aínda que dende perspectivas ben diferentes.

a) Marx, co seu Materialismo histórico, destacará que o ser humano é resultado das relacións sociais de produción que se desenvolven historicamente; pois a natureza característica dos humanos é a actividade produtora e transformadora da Natureza (*homo faber*) mediante a cal producimos a nosa vida.

b) Dilthey, e toda a corrente Historicista, separará radicalmente as Ciencias da Natureza das Ciencias do Espírito (Ciencias humanas); pois mentres que a natureza se rexe por leis deterministas, necesarias e universais, o ser humano

constrúe a súa propia historia, que só se pode comprender interpretando os seus proxectos.

c) Ortega e Gasset, xa en pleno s. XX, recreará esta concepción de Dilthey afirmando que “o ser humano non ten natureza senón historia”, resaltando o carácter de quefacer proxectivo da vida humana e reducindo a natureza a un mero conxunto de posibilidades que se ofrecen para este quefacer.

d) Sartre, dentro do Existencialismo, tamén no s. XX, irá aínda máis lonxe coa súa afirmación de que os humanos estamos “condenados a ser libres”, a ter que decidir e inventar a propia vida, pois carecemos dunha esencia ou natureza biolóxica dada que determine dun xeito definitivo a vida humana.

3.4. A cultura como opresión da *natureza* humana: Freud, Nietzsche

Pero tamén no s. XIX podemos atoparnos autores que adoptan unha posición crítica ante a cultura por considerar que constitúe unha opresión da vida natural e libre.

a) Freud, o creador da Psicoanálise, considera que a cultura nace da represión e sublimación da enerxía procedente das pulsións instintivas básicas da natureza humana (*eros* e *thanatos*); que va máis alá das esixencias da realidade, polo que xera a miúdo neuroses.

b) Nietzsche, desenvolverá unha crítica radical de toda a cultura occidental, dende as súas orixes gregas, porque coa súa insistencia unilateral na “racionalidade a toda costa” levou a negar a auténtica realidade vital: o devir libre e inocente da vida natural, substituíndoa por un mundo transcendente de esencias, verdades e valores eternos e inmutables; que non son máis que unha ficción ilusoria, procedente da non aceptación da vida no seu devir natural.

3.5. A continuidade zoolóxica da especie humana

A teoría da evolución das especies, que iniciada por Darwin e formulada de forma paradigmática na Teoría Sintética, coas achegas da Xenética e outras ramas da Ciencia, implicaba non só a orixe da especie humana a partir de outras especies animais, senón tamén unha liña de entronque, similitude e continuidade coas demais especies. Pero, tal perspectiva foi obviada durante longo tempo no campo do pensamento filosófico, máis preocupado por marcar a diferenza específica que pola natureza animal común, seguindo unha longa tradición. Estas implicacións da teoría da evolución biolóxica serán resaltadas xa en pleno s. XX polo pensamento desenvolto dende as ciencias humanas, aínda que con perspectivas ben diferentes.

a) O Condutismo: a plasticidade como característica

O Condutismo, iniciado por Watson e desenvolto posteriormente por Skinner e outros autores, foi o paradigma dominante en Psicoloxía na primeira metade do s. XX. A súa tarefa máis destacada foi o estudo científico dos mecanismos e

leis da aprendizaxe. Dende esta perspectiva, acentuou a continuidade entre a conduta humana e as de outras especies animais; pois os mecanismos e leis do condicionamento que rexen as condutas aprendidas son as mesmas en todos os casos. As diferenzas entre as diversas especies reside no seu grao de plasticidade, que lles dá deferente capacidade de aprendizaxe. O ser humano situaríase no grao de máxima plasticidade, sería como unha especie de “taboa rasa” ou “papel en branco” (expresión característica do Empirismo) no que os mecanismos do condicionamento van deseñando a conduta, “máis alá da liberdade e da dignidade” (título dunha obra de Skinner); pois tales ideas non serían máis que unha ilusión. As condutas humanas estarían tan determinadas polos mecanismos da aprendizaxe como as das demais especies.

b) A Sociobioloxía: as bases xenéticas da conduta humana

Por outra banda, o desenvolvemento da Etoloxía humana, estudando as condutas características da especie humana e comparándoas coas doutras especies, e sobre todo a aparición da Sociobioloxía, descubriu pautas de comportamento moral típicas da especie humana que parecen ter raíces xenéticas e, polo tanto, serían explicables pola evolución biolóxica. Dende esta perspectiva, o altruísmo humano, por exemplo, explicaríase por selección natural, similar ao das obreiras dentro das abellas. E así, a orixe das condutas chamadas morais, que consideramos máis características do ser humano, terían unha base biolóxica evolutiva como resultado da selección natural.

Para finalizar, compre sinalar que as liñas de continuidade evolutiva mencionadas, que emparentan e aproximan a especie humana a outras especies animais superiores, dotadas dun sistema nervioso complexo e de cerebro, capaz de sentir dor, son a base dos defensores dos dereitos dos animais. Dentro desta perspectiva, o descubrimento dunha grande porcentaxe de xenoma compartido entre os humanos e os grandes simios, a existencia de culturas entre eles, e mesmo a capacidade de autoconciencia de si mesmos, son elementos nos que se sustenta o chamado Proxecto Gran Simio, que reivindica para eles o recoñecemento de dereitos básicos como o dereito á vida libre e a non ser torturados...Esta é unha das polémicas máis recentes neste campo.

ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS COMPLEMENTARIAS (sección 1ª)

1. Diferentes modalidades de saber (“etapas do coñecemento humano”)

Parece preferible falar de diferentes tipos ou modalidades de saber máis que de etapas do coñecemento humano, pois algúns destes saberes están tan profundamente imbricados entre si que falar dunha aparición cronolóxica sucesiva dos mesmos sexa, cando menos, problemático; aínda que se poida afirmar a existencia dun certo desenvolvemento evolutivo e avance de diferentes modalidades de saber. Ademais resulta conveniente agrupar algunhas destas formas de saber en categorías máis amplas que permitan captar con claridade as súas relacións.

1.1. Distinción entre saber *práctico* e saber *teórico*

Por *saber práctico* entendemos *saber facer*: coñecer o procedemento e ter a habilidade para realizar un proceso que ten como meta unha certa utilidade. Os saberes prácticos foron, probablemente, os primeiros e máis antigos no proceso evolutivo da especie humana. O uso primeiro, e a posterior fabricación e perfeccionamento de ferramentas son unha boa testemuña diso. Cabe pensar que as actividades encamiñadas a satisfacer necesidades e resolver problemas básicos de supervivencia deron lugar, por ensaio e erro, a experiencias exitosas, que foron fixadas e perfeccionadas posteriormente como *técnicas* (de caza, de cultivo agrícola, de construción, etc.). Sen dúbida, pois, na orixe das diferentes técnicas pódense atopar procesos semellantes: actividades prácticas dirixidas a solucionar problemas concretos, que van acumulando os resultados valiosos.

Os *saberes teóricos*, pola contra, responden a unha necesidade diferente: a necesidade de *comprender* a realidade. Non buscan directamente ningunha utilidade, nin resolver ningún problema concreto, senón que tentan dar explicacións da realidade (a súa esencia e causas últimas), que permitan comprendela e encontrarlle algún sentido. Entre os saberes teóricos explicativo-comprensivos da realidade atópanse os *mitos*, a *filosofía*, e a *ciencia pura*.

Non obstante, compre ter en conta que actualmente o desenvolvemento do coñecemento científico en moitas áreas proporciona unha base teórica previa para desenvolver novas técnicas, que xa non teñen o seu fundamento na simple experiencia práctica senón no complexo coñecemento teórico aportado pola ciencia. Neste caso falamos de *tecnoloxía* (técnica baseada en coñecementos científicos) para diferenciala da simple *técnica* (que non precisa deses coñecementos).

1.2. Contraposición entre o pensamento *mítico-relixioso* e o pensamento racional (*Logos*) *filosófico- científico*

En principio non hai unha verdadeira diferenza entre *mito* e *relixión*. De feito, as relixións teñen os seus fundamentos en relatos ou narracións míticas que se transmiten como tradicións verdadeiras dun xeito acrítico. Na concepción do mundo característica do pensamento mítico-relixioso os fenómenos da natureza dependen, xeralmente, de forzas sobrenaturais personificadas (deuses, heroes, entes estraños, etc), que actúan dun xeito arbitrario e caprichoso, frecuentemente incomprensible para os humanos. Estes seres adoitan ser tamén o fundamento dos preceptos morais. Nunha mentalidade deste tipo a única forma de dominar ou controlar os fenómenos naturais é mediante rituais máxicos, que só algúns iniciados coñecen.

Pola contra, as explicacións *filosófico-científicas* (racionais) da natureza parten do suposto de que hai unha regularidade e unha secuencia causal necesaria entre os fenómenos da natureza, que pode ser expresada baixo a forma de leis naturais. Desde esta actitude filosófico-científica correspóndelle á razón humana a investigación e explicación da natureza, así como a fundamentación das normas morais do comportamento. A razón humana convértese, deste xeito, en revisora e crítica das tradicións recibidas.

Adoita considerarse que foi na Grecia Antiga onde empezaron a transformarse as tradicións mítico-relixiosas en explicacións racionais, dando lugar ó nacemento da filosofía (o que tradicionalmente se denomina *paso do mito ao logos*). Posteriormente, a partir da chamada revolución científica do Renacemento, o desenvolvemento de métodos rigorosos de investigación da natureza dará lugar ás ciencias propiamente ditas.

É certo, non obstante, que algunha relixión, como o Cristianismo sobre todo, no contacto co pensamento racional filosófico-científico, foi depurando moitos dos seus contidos máis especificamente míticos, e desenvolvendo unha relixiosidade máis facilmente compatible coas concepcións racionais.

1.3. Distinción entre *experiencial* (de *experiencia*) e *experimental* (de *experimento*)

Por *experiencia* enténdese a información, coñecemento ou habilidade derivada do contacto directo coa realidade por medio da observación ou da vivencia dalgunha situación. Todo coñecemento da realidade incorpora dalgún xeito este tipo de informacións proporcionadas pola experiencia, na medida en que ten unha base empírica (*empireia* = experiencia).

Pero o *experimento* supón algo máis: unha intervención controlada nos procesos que se investigan para poder determinar dun xeito preciso a relación causal existente entre factores ou variables. Neste sentido concreto o experimento é un proceso metodolóxico característico das ciencias empíricas, e non propiamente da Filosofía.

2. Definición e características do saber filosófico

“Definición mínima de Filosofía” como saber *de segunda orde*

A Filosofía, xusto por ser un saber

- *radical*: que busca as raíces ou causas últimas dos problemas e o sentido último da realidade,
- *racional e argumental*: baseado en argumentos racionais,
- *de totalidade*: interesado por todo canto hai (*pantonomía*),

“non é un saber autónomo e substantivo”, senón que sempre se constrúe “sobre a base de, e en permanente diálogo con outros saberes previos, sobre os que exerce a súa propia actividade”. Por iso se di que é un *saber de segunda orde*.

Así pois, por unha banda a Filosofía exerce unha constante *actividade crítica* sobre outros saberes, crenzas ou ideoloxías (sobre todo mítico-relixiosas); pero, por outra banda, tamén precisa dos coñecementos aportados polas diferentes ciencias nos distintos eidos do saber, para, sobre eles, realizar as súas interpretacións globalizadoras sobre o sentido último da realidade. De aí, a súa dimensión esencialmente *interdisciplinar* e tamén *histórica*.

3. Núcleos constituíntes e ramas da Filosofía:

Pódese partir das preguntas nas que Kant (filósofo da Ilustración europea) condensa toda a problemática da “Filosofía mundana” para centrar ós núcleos e as ramas principais da Filosofía (dentro da enorme disparidade de orientacións e correntes):

- 1) *Que podo coñecer?* A pregunta centra un dos núcleos básicos da reflexión filosófica: o *problema do coñecemento*: valor, alcance e límites do coñecemento humano. Este núcleo inclúe ramas ou disciplinas como son: a *Lóxica* (que analiza as leis do razoamento) e a *Epistemoloxía* (teoría ou filosofía da Ciencia).
- 2) *Que debo facer?* Pregunta que se centra noutro dos núcleos centrais da Filosofía: os *valores e normas* que han de rexer a actividade humana, con disciplinas ou ramas da Filosofía tales como: a *Ética* (ou Filosofía da moralidade), a *Filosofía do Dereito* (fundamentos filosóficos das normas xurídicas), a *Filosofía política* (reflexión filosófica sobre a sociedade e a organización política do poder), a *Estética* (Reflexión filosófica sobre a beleza e a arte), a *Filosofía do traballo e da técnica*, etc.
- 3) *Que me cabe esperar?* Pregunta centrada no destino último do ser humano, que condensa a problemática doutro núcleo central da Filosofía: o *problema do ser* e o sentido da realidade e a vida humana. As principais disciplinas filosóficas que inclúe son: a *Metafísica* (reflexión sobre o sentido e os primeiros principios do ser), a *Ontoloxía* (sobre a estrutura da realidade: que tipo de seres existen e que entidade teñen?), a *Filosofía da Relixión*, etc.

- 4) *Que é o ser humano?* Pregunta que unifica e resume as tres anteriores, e polo tanto, centro da preocupación filosófica. A rama ou disciplina filosófica correspondente é a *Antropoloxía*.

4. A Filosofía na súa Historia:

Ao longo da Historia da Filosofía atopamos unha enorme diversidade de orientacións e correntes filosóficas. “Filosofías” diversas nos supostos teóricos dos que parten e, consecuentemente, nas construcións resultantes, que producen unha certa desorientación e estrañeza, se se illan do seu contexto e non se teñen en conta as preocupacións socio-históricas a que responden en cada momento. Por iso é necesaria unha perspectiva histórica contextualizada, que oriente, aínda que dun xeito simplificador, esta disparidade de orientacións.

- 1) A Filosofía Antiga (grega, fundamentalmente) preocupouse inicialmente da comprensión do Universo concibido como un todo ordenado, un Cosmos. Supoñían que as leis que rexen a orde natural deberían servir para orientar e dirixir a acción humana cara a acadar a vida boa.
- 2) A Filosofía Medieval ponse ó servizo do Cristianismo, como relixión que acabou impondo no ámbito da cultura occidental a súa concepción do mundo e o seu modelo de vida humana (e algo similar sucedeu na mesma época no ámbito do Islam e do Xudaísmo). O centro da preocupación filosófica da Idade Media é tema de Deus, clave explicativa da realidade enteira.
- 3) Na Idade Moderna o teocentrismo medieval é substituído polo antropocentrismo, producíndose un proceso de secularización, que vai desprazar as explicacións e fundamentacións relixiosas e sobrenaturais por outras de tipo racional e natural. Deste xeito, a razón convértese en tribunal crítico ao que se teñen que someter todas as demais instancias (relixión, tradición, autoridade, etc.). O núcleo da Filosofía moderna vai ser a autonomía racional do ser humano en todos os niveis, e a súa emancipación e liberación de toda escravitude ou sometemento.
- 4) Na Idade contemporánea pérdese a confianza nos sistemas que prometían a completa emancipación e liberación dos seres humanos, desenvolvéndose filosofías de denuncia e desconfianza fronte aos diferentes intentos totalitarios de opresión da liberdade e dignidade humana. A Filosofía actual presenta un panorama moi variado de análise crítica dos diferentes ámbitos da realidade, desistindo de todo intento de construción de sistemas interpretativos globais e pechados, dos que se amosa escarmentada.